Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Está dotado de aula de informática, audiovisuais e biblioteca entre outros. A súa ubicación terase en conta á hora de buscar actividades onde os enunciados sexan familiares para que así presenten un maior interese e motivación.

CONTEXTUALIZACIÓN 2º PRIMARIA

En el segundo curso de educación primaria hay 12 alumnos. Todos os alumnos presentan os problemas normais dun grupo clase.

## SEGUNDO CURSO

## 3.OBXECTIVOS

**Obxectivos para a etapa**

1. Recoñecer os fundadores e algúns elementos distintivos das grandes relixións vixentes, na súa resposta ás preguntas básicas sobre o sentido da vida e do compromiso dos crentes.

**Obxectivos para o segundo curso**

1.1. Valorar e aplicar na vida persoal e social os bos comportamentos sociais e relixiosos como xestos que favorecen o encontro entre as persoas con Deus.
1.2. Recoñecer os principais feitos por medio dos cales os cristiáns responden ao amor de Deus polas persoas.

**Obxectivos para a etapa**

2. Coñecer a Biblia, a súa estrutura e o seu sentido, identificar algúns textos básicos como Palabra de Deus.

**Obxectivos para o segundo curso**

2.1. Descubrir a Biblia como a Palabra de Deus e o libro sagrado dos cristiáns.
**2.2. Coñecer e relacionar a revelación de Deus na Biblia como Pai, Creador e misericordioso con situacións cotiás e coas persoas máis próximas.**

**Obxectivos para a etapa**

3. Descubrir a acción de Deus na natureza e na persoa, como fundamento e fonte dos valores básicos do ser humano.

**Obxectivos para o segundo curso**

3.1. Observar e interiorizar a beleza da natureza e a orixinalidade do ser humano como creación de Deus que deben respectar e coidar as persoas na súa vida diaria.

**Obxectivos para a etapa**

4. Identificar algúns personaxes fundamentais da Historia da Salvación e as súas respostas de fe, descubrir o valor central da persoa de Xesucristo e a resposta de fe da Virxe María.

**Obxectivos para o segundo curso**

4.1. Valorar e relacionar algúns feitos e personaxes da Historia da Salvación por medio dos cales Deus expresa o seu amor, con feitos e personaxes da actualidade.

4.2. Coñecer e interiorizar a orixinalidade da oración cristiá como camiño para mellorar as relacións con Deus, cos demais e con un mesmo.

**Obxectivos para a etapa**

5. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo e a través da vida e da acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.

**Obxectivos para o segundo curso**

5.1. Descubrir na vida diaria das persoas o amor e a providencia de Deus.

**Obxectivos para a etapa**

6. Identificar o significado dalgúns acontecementos, dalgunhas formulacións, dalgunhas expresións e dalgúns textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da vida do Espírito Santo, no mundo e na Igrexa.

**Obxectivos para o segundo curso**

6.1. Descubrir a presenza do Espírito Santo na vida da Igrexa, na vida dos cristiáns e na vida diaria das persoas.

**Obxectivos para a etapa**

7. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, coñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesiástico prestado polos apóstolos e os seus sucesores.

**Obxectivos para o segundo curso**

7.1. Coñecer a Xesús como o fundador da Igrexia.
7.2. Observar e valorar a Igrexa como a gran familia de Deus que celebra o amor de Deus e o amor aos demais na sociedade actual.

**Obxectivos para a etapa**

8. Comprender e distinguir o sentido sagrado, festivo, cultural e de celebración das festas e dos seus ritos nas relixións monoteístas, relacionalas cos aspectos culturais e de celebración da liturxia.

**Obxectivos para segundo curso**

8.1. Identificar e apreciar as características da festa mariana da Anunciación e a súa importancia nas celebracións cristiás.
8.2. Comprender o significado cristián, festivo e cultural do Nadal como celebración do ano litúrxico.
8.3. Analizar e reflexionar sobre os principais acontecementos que se celebran durante a Semana Santa para aplicalos a situacións cotiás.
8.4. Comprender o significado cristián, festivo e de celebración das festas cristiás e diferencialas das festas civís e sociais do contorno.
8.5. Descubrir e comparar algúns símbolos, xestos e obxectos da natureza empregados nas celebracións cristiás e nas relixións monoteístas para mellorar a convivencia.
8.6. Comprender e apreciar os principais xestos que utilizan os cristiáns para relacionarse con Deus e expresarlle o seu amor.
8.7. Identificar e valorar os mandamentos como expresións do amor de Deus e das normas que axudan a mellorar a relación con Deus e a convivencia cos demais.
8.8. Comprender e respectar as festas e celebracións do ano litúrxico e o culto cristián.

**Obxectivos para a etapa**

9. Analizar a xerarquía de valores, actitudes e normas que conforman o ser cristián, e aplicalos ás distintas situacións da vida.

**Obxectivos para o segundo curso**

**9.1. Recoñecer e practicar na vida diaria os valores do amor de Deus, a verdade e a bondade que Xesús ensina.**

**Obxectivos para a etapa**

10. Valorar que a fe cristiá implica asumir responsabilidades, coñecer e comprender a raíz e o sentido da acción e do compromiso cristián, e manter unha actitude de tolerancia e respecto ante os sistemas éticos das distintas relixións.

**Obxectivos para o segundo curso**

10.1. Identificar a Xesucristo como o modelo que seguen os cristiáns para practicar o ben e a verdade na vida persoal e social.
10.2. Coñecer e aplicar as principais ensinanzas de Xesús narradas nos Evanxeos e nas súas parábolas para mellorar a convivencia entre as persoas.

**Obxectivos para a etapa**

11. Coñecer, valorar e respectar o patrimonio relixioso, artístico e cultural, que se manifesta a través da linguaxe simbólica e icónica da arquitectura, pintura, literatura, música e liturxia, como expresión da fe católica e doutras relixións.

**Obxectivos para o segundo curso**

11.1. Descubrir e valorar o significado do templo católico e das imaxes relixiosas.
11.2. Coñecer e vivenciar a música relixiosa como expresión da fe católica e relixiosa que promove a unidade con Deus, mellora a convivencia e forma parte do patrimonio cultural.
11.3. Comprender o significado cristián, festivo e de celebración das festas máis importantes sobre a Virxe María para saber participar nelas de forma cívica e relixiosa.

**Obxectivos para a etapa**

12. Descubrir que o destino eterno do home empeza aquí como don que xorde da vitoria de Cristo sobre a morte.

**Obxectivos para o segundo curso**

12.1. Tomar conciencia da importancia que ten a fe na vida eterna para os cristiáns e para ser feliz na vida diaria.

12.2. Descubrir o significado dos principais acontecementos da paixón, morte e resurrección de Xesucristo e a mensaxe cristiá que revelan para todos os tempos.

## 4. COMPETENCIAS

Esta materia contribúe ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas,segundo se detalla a continuación:

***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

***Comunicación lingüística***

O ensino relixioso católico achega elementos básicos en canto ao logro da competencia en comunicación lingüística pois sérvese da linguaxe académica, daquelas linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como das linguaxes do propio ensino relixioso.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

. Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.

***Competencia dixital***

Nesta área po• Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.

- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

sibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### *Conciencia e expresións culturais*

A contribución á competencia cultural e artística relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, plástica, histórica, simbólica, lingüística, de costumes, ritos, festas, valores e modos de vida impregnados de cristianismo desde a súa orixe e o seu desenvolvemento actual, como manifestación do feito relixioso. O alumno non só vai coñecer, senón que poderá comprender e asumir os valores que leva consigo o coñecemento do feito relixioso na súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:
- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural no ámbito mundial.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### *Competencias sociais e cívicas*

Con relación á competencia social e cívica, onde se integran elementos esenciais para a humanización, persoais, interpersoais e interculturais e se recollen todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional. O ensino relixioso católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes que contribúen a educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, de cara a facer posible a maduración na corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da cooperación, da liberdade, da xustiza e da caridade. Todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesucristo.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Será dotado de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores para adestrar serían:
- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

### *Aprender a aprender*

A Relixión Católica contribúe igualmente ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender,

fomentando as capacidades a través da educación, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Así mesmo, o ensino relixioso axuda aos alumnos a ser protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan por El establecido. Por iso, aprender a aprender leva consigo non só unha proposta consensuada de sentimentos, valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que debe ser crisol na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.

## 5. CONTIDOS

### SEGUNDO CURSO

- Estrutura e sentido da Biblia, palabra de Deus.

- Deus revélase na Biblia como pai, creador e misericordioso.

- Deus expresa o seu amor na historia do pobo de Israel.

- A música relixiosa.

- Mensaxe cristiá e solidaria do Nadal.

- Principais ensinanzas de Xesús nos Evanxeos e nas parábolas.

- As persoas expresan o seu amor a Deus.

- A oración cristiá.
- Os mandamentos e a convivencia en sociedade.
- Paixón, morte e resurrección de Xesucristo.

- O Espírito Santo.

- A fe na vida eterna.

- Festas da Igrexa sobre María.
- O ciclo litúrxico.

- Mostrar interese pola escoita de relatos bíblicos que dan sentido ás festas relixiosas.
- Comparar situacións moralmente positivas ou negativas no contorno infantil.
- Aplicar os contidos en relación con comportamentos e situacións da vida persoal e social.
- Describir os trazos que caracterizan as relacións entre pais/nais e fillos/fillas.
- Observar os aspectos máis característicos das relacións familiares e a súa relación coa mensaxe cristiá.
- Expresar os contidos en relación coa vida diaria e coas linguaxes da fe cristiá.
- Aplicar os contidos estudados en cada unidade ao desenvolvemento das competencias.
- Desenvolver a confianza na familia, nos compañeiros da clase e nas persoas que nos rodean.
- Mostrar interese polo sentido cristián da convivencia.
- Valorar as normas que, desde a perspectiva da fe cristiá, regulan a conduta na nosa relación cos demais.
- Estar disposto a pedir perdón e a perdoar.
- Manter unha actitude de amor e gratitude cara aos pais.
- Interese por descubrir aplicacións prácticas do estudado para a vida persoal, social, relixiosa e eclesiástica.

## 6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Para alcanzar os obxectivos e a aprendizaxe do programa de contidos nesta área, é necesario optar por una metodoloxía que sirva de camiño para alcanzar tales metas.
Esta metodoloxía inclúe principios didácticos, actividades e recursos de ensinanza-aprendizaxe, e, para iso, basease nas orientacións didácticas do currículo de Relixión para a Educación Primaria e nas achegas específicas da pedagoxía e a didáctica relixiosas.

Froito deste enfoque son os seguintes principios metodolóxicos para o segundo curso de Primaria:

- Una ensinanza-aprendizaxe da relixión baseada no proceso psico-evolutivo do alumnado.
- Unha construción do coñecemento baseada en aprendizaxes significativas e no desenvolvemento das competencias básicas. É dicir, unha ensinanza da relixión desde e para a vida persoal, cultural, cidadá, social, moral e relixiosa.
- Unha metodoloxía e unhas actividades orientadas desde os centros de interese do alumnado.
- Enfocar a ensinanza da relixión desde as narracións bíblicas, e establecer paralelismos con situacións da vida diaria e da literatura infantil e xuvenil.
- Propoñer unha metodoloxía e unhas actividades que promovan a interdisciplinariedade con outras áreas.
- Establecer unha ensinanza da relixión que capacite o alumno e a alumna para o diálogo da fe cristiá coa cultura actual.
- Deseñar unha metodoloxía que fomente nos alumnos a súa capacidade para ver, xulgar e actuar sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio.
- Impulsar unha ensinanza da relixión que fomente o seu protagonismo e a súa actividade.
- Deseñar unha metodoloxía que preste especial atención á diversidade do alumnado.
- Facilitar a adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico.
- Propoñer unha metodoloxía que lles sirva para coñecer e practicar as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.

## 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Recollen o tipo e grao de aprendizaxe que se espera acadar. Describen tarefas nas que están presentes os saberes, os modos de facer e as actitudes que deben mostrar en relación aos contidos. Serán o referente para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos.

- Sabe que a creación e a vida son un regalo de Deus aos homes.
- Descobre, a través da observación da natureza e do seu corpo, a obra de Deus na Terra.
- Observa e recolle datos relacionados coa relixiosidade do seu contorno (palabras, cancións, celebracións populares, obras de arte, etc.).
- Toma conciencia da realidade de Deus como pai para os homes e establece un paralelismo coa paternidade/maternidade e fraternidade humanas.
- Identifica e aprecia as principais festas cristiás sobre Xesús e María.
- Sitúa e describe relatos evanxélicos sobre o nacemento de Xesús, a súa vida, morte, resurrección, a través dos elementos relixiosos que aparecen no seu contorno.
- Sitúa e describe relatos evanxélicos sobre a vida da Virxe María a través dos elementos relixiosos que aparecen no seu contorno.
- Recoñece nas figuras de Xesús e de María os protagonistas destacados da historia da salvación.
- Valora a Xesús e a María como modelos exemplares de vida.
- Sabe que a Igrexa é a gran familia de Deus e observa os elementos que a constitúen.
- Toma conciencia do fundamento cristián da celebración do Nadal.
- Coñece o sentido cristián da Semana Santa.
- Recoñece o significado cristián do templo e das imaxes de Xesús e de María.
- Descobre a Biblia como Palabra de Deus.
- Recoñece a revelación de Deus na Biblia como pai, creador e misericordioso.
- Expresa o amor que Deus mostra na historia do pobo de Israel.
- Indica a importancia para os cristiáns da música e da canción relixiosas.
- Sinala a principal mensaxe cristiá do Nadal.
- Recoñece algunhas das principais ensinanzas de Xesús nos Evanxeos e nas parábolas.
- Sinala algunhas expresións a través das cales as persoas manifestan o seu amor a Deus.
- Identifica a oración cristiá como relación con Deus.
- Indica os principais acontecementos da paixón e morte de Xesús en relación coa Semana Santa.
- Recoñece o acontecemento da resurrección de Xesús.
- Relaciona o Espírito Santo co Espírito de Deus e co Espírito de Xesús.
- Identifica o concepto de ceo en relación coa fe cristiá na vida eterna.
- Relaciona os Dez Mandamentos coa convivencia diaria.
- Recoñece os principais tempos litúrxicos do ano litúrxico da Igrexa.

CRITERIOS MINIMOS

1Sabe que a creación e a vida son un regalo de Deus aos homes.
2 Toma conciencia da realidade de Deus como pai para os homes
3 Toma conciencia do fundamento cristián da celebración do Nadal.
4 Coñece o sentido cristián da Semana Santa.
5 Recoñece nas figuras de Xesús e de María os protagonistas destacados da historia da salvación.
6 Recoñece o acontecemento da resurrección de Xesús.

## 8 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Plantéxanse actividades moi sinxelas para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contios.

## 9 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

**Instrumentos.**

- Observación sistemática das actitudes persoais do alumno/a, da súa forma de organizar o traballo, das estratexias que utiliza, de cómo resolve as dificultades que atopa,etc.
- Revisión e análise dos traballos dos alumnos/as: caderno de clase (orde, limpeza, claridade, expresión, realización de tarefas, corrección), traballos individuais ou en equipo, así como o seu traballo na aula de informática.

Unha vez utilizados os anteriores recursos e realizadas as actividades de reforzo e ampliación necesarias, pódese realizar unha proba obxectiva da unidade. É importante realizar ó remate da unidade unha reflexión sobre o aprendido e o ensinado, é dicir, un exercicio de autoavaliación e de coavaliación que axude a mellorar, por un lado, o proceso de aprendizaxe do alumno/a e do grupo - clase e, por outro, a práctica docente.

**Procedementos**.

Ao plantexar a avaliación non debemos esquecer:

- Obxectivos de etapa, de área, contidos, criterios de avaliación e grao de adquisición de competencias básicas.
- A necesidade da avaliación inicial para detectar o grao de desenrolo dos aspectos básicos da aprendizaxe e de dominio dos contidos.

Para isto valémonos de:

- <u>Avaliación inicial ao principio de curso</u>: para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a
- <u>Recompilar información do alumnado a través dos profesores do curso anterior,</u> recollerase no caderno do profesor e serve de referencia para comprender a actitude e rendemento do alumno/a.
- <u>Proba inicial ao comezo de cada unidade</u> onde se poñan de manifesto os coñecementos previos que posúen, mediante diálogo e a través de preguntas abertas.
- <u>Avaliación formativa e continua</u>: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos xa sinalados: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o profesor/a saiba se pode seguir avanzando ou ten que retormar aspectos que non quedaron demasiado claros.

a) **Traballo na clase:** Respecto aos compañeiros. Aproveita o tempo e se esforza. Atende e participa nas explicacións. Competencia en comunicación lingüística.

b) **Traballo no caderno:** Está completo e corrixido. Presentación adecuada.

c) **Traballona aula de informática:** Traballo, esforzo, interese. Competencia básica dixital.

## 10 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxena aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unhaferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente narecollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse a recollida de evidencias oudeixar que o alumno seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades atopadas e os obxectivos de mellorapersoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

No anexo de avaliaciónpreséntase un posible guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recollerna área de Relixión Católica poden ser:

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos naunidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtosfinais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

1º avalliación

1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.
2. Descobre e nomea situacións nas que necesita as persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.(on-line)
3. Valora e agradece o Nacemento de Xesús que Deus o enviou para salvarnos.(on-line)

2º avaliación

4. Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.
5. Identifica e representa graficamente os dons que lle Deus fai ao home na creación.(on-line)
6. Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitude a Deus pola súa amizade.

7. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.(on-line)

3º avaliación

8. Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.

9.. Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.(on-line)

10. Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.

## 11 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro do alumno.
- CD – Rom de recursos didácticos.
- Biblia en CD – Rom.
- Películas animadas do Antigo e Novo Testamento.
- Biblia infantil.
- Puzzles.
- Xogos de cartas (vida de Xesús).
- Parábolas en láminas de cores.
- Materias para manualidades: lapis, gomas de borrar, ceras, papel continuo, papel pinocho, charol, plastilina, tesouras, etc.

## 12 AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

- Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

## 13 AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS.

***Descrición do grupo despois da avaliación inicial***

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falanmoito, cambian con facilidade de actividade,…):

Que fortalezas identificas no grupo en canto aodesenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? *(Planificación de estratexiasmetodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas..)*

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

***Necesidades individuais***

Cales son os alumnos que necesitan un maiorseguimentoou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? *(Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, polasúa historia familiar...).*

Que medidas organizativas vas adoptar?*(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).*

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

## 14 CRITERIOS DE CUALIFICACIÒN E PROMOCIÓN

En cada avaliación;
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN;
Ferramentas de avaliación do traballo competencial
Probas de avaliación escrita
Evidencias dos estándares de aprendizaxe
PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN;
Cualificación total

Ao final do curso;
Porcentaxe da nota final,;
1ª avaliacion, 2ª avalliación , 3ª avaliación( **Porcentaxe da nota final e cuallificación total)**

## 15 INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACION

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.
  - Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
  - Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
  - Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
  - Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

## 16.INFORMACIÓN AS FAMILIAS

A información as familias farase fundamentalmente a través do boletin de notas o final de cada avaliacion . Tamen a través de entrevistas individuais en titorias. E a traves do profesor titor.

## 17.EDUCACION EN VALORES

A area de RelixionCatolica é en si unha educación en valores. Nesta área se traballan o valores fundamentais como: amistade, amor, alegria, perdon, as familias, compartir....

## 18.CONTRIBUCION O PLAN TIC E O PLAN DE CONVIVENCIA E LECTOR

A área de Relixión contribue as TIC mediante o traballo na aula de informatica dos nenos con xogos de distintos temas de relixion, pintar de forma interactiva distintos debuxos, cancions escoitadas polo ordenador, elaboracion de powerpoint....
Ao plan de convivencia: Resaltando os valores necesarios para a convivencia en grupo como saber compartir, respetar o traballo dos outros, gardar turno, traballos en grupo, resolucion de conflictos......
Ao plan lector coa lectura de libros de texto e lecturas da biblia.
PLAN DE RECUPERACIÓN: Retomarase cada tema que quedou sen dar, no presente curso.

**PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA É TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS**

# *CURSO 2020-2021*

**DOLORES SAGRARIO GONZÁLEZ LÓPEZ**

**INDICE**

1. Temporalización da programación..................................................3
2. Introducción e contextualización.....................................................4
3. Obxectivos........................................................................................4
4. Competencias..................................................................................5
5. Contidos..........................................................................................10
6. Metodoloxía ......................................................................................11
7. Criterios de avaliación ...................................................................12
8.Medidas de atención a diversidade..................................................13
9.Estándares de aprendizaxe.............................................................14
10.Materiais e recursos didacticos.......................................................15
11.Avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe............................15
12.Avaliación inicia e medidas...........................................................15
13.Criterios de cualificación e promoción ...........................................16
14.Instrumentos e procedementos de avaliación.................................16
15Información as familias....................................................................17
16.Educación en valores......................................................................17
17.Contribución o plan tic e convivencia...............................................17

1. **TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

CONSELLERIA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.I.P. A GANDARA NARON
RUA COLMEOTE S/N
Teléfono/fax 981386877
e-mail ceip agandara@edu.xunta.es
web:http://centros.edu.xunta.es/ceipgandara /

TEMPORALIZACIÓN ANUAL DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE AULA

CURSO ACADÉMICO : 2020/2021
ÁREA : Relixión CURSO : 3º
PROFESORA: DOLORES SAGRARIO GONZÁLEZ LÓPEZ

| PRIMEIRO TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| UNIDADE | TEMAS | NUMERO DE SESIÓNS | TEMPO CONCRETO (DE:10/09–22/12) |
| | Avaliación inicial | | 10/09 – 18/09 |
| 1 | O noso precioso mundo | 2 | 21/09 – 02/10 |
| 2 | O amor de Deus | 3 | 05/10 – 23/10 |
| 3 | O advento | 3 | 26/10 – 13/11 |
| 4 | Unha mensaxe de amor | 2 | 16/11 – 27/11 |
| | Son quen de | 3 | 30/11 – 22/12 |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | | | |
| UNIDADE | TEMAS | NUMERO DE SESIÓNS | TEMPO CONCRETO (DE:11/01–26/03) |
| 5 | Medramos en familia | 2 | 08/01 – 22/01 |
| 6 | A boa Nova | 2 | 25/01 – 01/02 |
| 7 | Elixir o ben | 3 | 08/02 – 26/02 |
| 8 | A vida que da froito | 2 | 01/03 – 12/03 |
| | Son quen de | 2 | 15/03 – 26/03 |
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | | | |
| UNIDADE | TEMAS | NUMERO DE SESIÓNS | TEMPO CONCRETO (DE:06/04–22/06) |
| 9 | Unha forza especial | 3 | 06/04 – 23/04 |
| 10 | A familia da igrexa | 3 | 26/04 – 14/05 |
| 11 | A vida dos cristiáns | 3 | 16/05 – 04/06 |
| 12 | A gran festa/ Son quen de.. | 2 | 07/06 – 22/06 |

## 2 INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A formación relixiosa e moral católica pretende contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe. A ensinanza relixiosa pretende contribuír así á calidade da educación que preconiza a lei vixente, coa proposta e desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o currículo da ensinanza relixiosa católica.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Está dotado de aula de informática, audiovisuais e biblioteca entre outros. A súa ubicación terase en conta á hora de buscar actividades onde os enunciados sexan familiares para que así presenten un maior interese e motivación.

CONTEXTO DEL 3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
En tercer curso de educación primaria son 19 alumnos de relixión católica. Se caracterizan por tener un nivel homogeneo de aprendizaxe.

**PROGRAMACIÓN**

**3º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA**

## 3 OBXECTIVOS

1. Coñecer a acción creadora de Deus en colaboración co home.
2. Valorar a liberdade que Deus lle dá ao home para vencer o mal.
3. Analizar as nosas accións nas situacións diarias da nosa vida.
4. Coñecer as ensinanzas de Xesús dando a coñecer a Deus como Pai Misericordioso.
5. Comprender o significado cristián, festivo e cultural do Nadal como celebración do ano litúrxico.
6. Analizar e reflexionar sobre os principais acontecementos que se celebran durante a Semana Santa.
7. Recoñecer e practicar na vida diaria os valores do amor de Deus, a verdade e a bondade que Xesús ensina.
8. Comprender e apreciar os principais xestos que utilizan os cristiáns para relacionarse con Deus e expresarlle o seu amor.
9. Identificar e valorar os mandamentos como expresións do amor de Deus e normas que axudan a mellorar a relación con Deus e a convivencia cos demais.

10. Observar e valorar a Igrexa como a gran familia de Deus que celebra o amor de Deus e o amor aos demais na sociedade actual.

11. Coñecer e identificar as accións do Espírito Santo no pobo de Deus.

12. Comprender e respectar as festas e celebracións do ano litúrxico e o culto cristián.

## 4 COMPETENCIAS

***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilítanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co medio natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Elaborar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

***Comunicación lingüística***

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades

do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,…
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso dela.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

***Competencia dixital***

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

***Conciencia e expresións culturais***

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

***Competencias sociais e cívicas***

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores a fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Dotaráselle de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo aos intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

*Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente,…
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

***Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica***

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- *Dimensión cultural e histórica*. Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- *Dimensión ético-moral*. Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- *Dimensión humanizadora*. Faculta o alumno para dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- *Dimensión epistemolóxica*. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

## <u>5 CONTIDOS</u>

A acción de Deus creador do home e a muller, superiores a todo o creado. Valores que xorden da creación, a fraternidade

O ser humano necesita a axuda de Deus. Xesús puxo a súa confianza no seu Pai Deus.

A ruptura do home con Deus polo pecado.

A resposta de Deus á separación do home mostrando a súa misericordia.

A celebración da vinda de Xesús en Nadal. O seu amor e a súa salvación.

A salvación de Deus chéganos coa morte e a resurrección de Xesucristo, Salvador, vencedor do pecado e da morte, vive para sempre.

A acción do E.S. está sempre presente na Igrexa.

Os sacramentos da Igrexa. Penitencia.

A fe e o seguimento dos apóstolos é a súa resposta ao amor que Xesucristo lles mostra.

O Mandamento do Amor a Deus e aos demais e os mandamentos, expresión da lei natural e do amor de Deus. Regra de conduta humana e cristiá.

O valor das festas no novo pobo de Deus. A acción de grazas a Deus nas festas relixiosas.

O cristián realiza un camiño que culmina na vida eterna.

## 6 METODOLOXÍA

Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, o cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicos e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos infícianse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e a humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a **contexto real;** será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

## 7 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Saber en que consiste a acción creadora de Deus hoxe e como continúa creando e invita o home a colaborar con El. Todos podemos e debemos colaborar con Deus.
2. Tomar conciencia de que Deus axuda o home sen quitarlle a súa liberdade, dándolle forza para vencer o mal. Confiamos en Xesús como El confiou no seu Pai Deus.

3. Reflexionar ante a realidade de que as nosas accións poden ser boas ou malas. Ás veces, temos fallos, deficiencias, ofensas: pecamos.
4. Descubrir como Xesús nos ensina que Deus é Pai misericordioso que sempre perdoa o que se arrepinte.
5. Coñecer que o home non é como lle gustaría ser. O home necesita que se lle perdoen os seus fallos, as súas malas accións, os seus pecados. Necesita sobre todo a salvación de Deus. Deus ofrece a salvación aos homes aínda que o ofendesen. Xesús veu para salvar o home do pecado.
6. Valorar que en Nadal Xesús vén para salvarnos, móstranos o camiño, a verdade e a vida. Móstranos o seu amor.
7. Comprender o amor de Xesús. A Xesús seguírono moitos, os que viran nel o amor e a bondade de Deus. Outros buscaban como matalo, pois o amor e a bondade de Xesús lles denunciaba o seu egoísmo e a súa mentira. Xesús pola súa morte na cruz quixo darnos a maior proba do amor de Deus, amando ata o límite, ata a morte. Cristo morreu na cruz para cumprir a vontade do Pai que era salvarnos a todos. Ao terceiro día resucitou.
8. Tomar conciencia de que Xesús nos invita a seguilo e a ser o seu discípulo. Seguir a Xesús é imitalo en todo o que el fixo, anunciar o seu Evanxeo, vivir todos como irmáns amándonos e celebrar a Eucaristía dándolle grazas e ofrecéndolle o que facemos.
9. Valorar que na comunidade dos discípulos de Xesús, a Igrexa, se vive como irmáns. Saber que o Espírito Santo produce nos cristiáns os froitos do amor, a alegría, a paz, a bondade e a fidelidade e a unidade.
10. Saber que a Igrexa perdoa os pecados no nome de Deus. Comprender que igual que somos perdoados tamén nós debemos perdoar e ser misericordiosos. Polo sacramento da Penitencia, a Igrexa perdóanos no nome de Deus.
O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Dotaráselle de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores que adestrar serían:
- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

***Aprender a aprender***

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente,…
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

***Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica***

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.
- *Dimensión cultural e histórica*. Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- *Dimensión ético-moral*. Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- *Dimensión humanizadora*. Faculta o alumno para dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- *Dimensión epistemolóxica*. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

## 5 CONTIDOS

Estrutura do fenómeno relixioso.

As respostas ás preguntas sobre o mal, a dor e a morte.

A Biblia como fonte de valores para o mundo actual. A solidariedade, o compromiso cos pobres e o respecto ás conviccións relixiosas.

O gran misterio da salvación e a redención de Xesucristo, Salvador e Redentor do pecado e da morte. O cordeiro de Deus que quita o pecado do mundo.

A presenza da Virxe María no Evanxeo. María signo de fe e de esperanza.

Xesús chama e envía os seus discípulos por todo o mundo para continuar a súa obra de salvación. A expansión da Igrexa.

Os sacramentos para o crecemento e a propagación do Pobo de Deus: Confirmación, Orde sacerdotal.

A Igrexa, novo Pobo de Deus. A estrutura e composición da Igrexa, un signo visible do amor do Pai. O Papa, os bispos, os sacerdotes, a Igrexa universal e a Igrexa diocesana.

A Biblia e a promesa do Señor que ha de vir con gloria a xulgar a vivos e a mortos. A Unción dos enfermos.

## 6 METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Relixión Católica:

Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, que fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicos e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír á súa identidade e á dos outros.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos inícianse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e a humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a **contexto real;** será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

## 7 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Recoñecer que o desexo de Deus está inscrito no corazón do home, porque o home foi creado por Deus e para Deus. De múltiples maneiras, na súa historia, e ata o día de hoxe, os homes expresaron a busca de Deus por medio das súas crenzas e os seus comportamentos relixiosos (oracións, sacrificios, cultos).
2. Tomar conciencia de que o home se interrogou sempre ante as marabillas do universo e a existencia humana. Comprender a Creación como obra de Deus.
3. Saber responder algunhas preguntas sobre o home e a evolución da natureza. Saber que no íntimo do home vemos que se distingue da natureza: o home ten espírito, intelixencia, vontade libre, conciencia; por iso, se asemella máis a Deus que ao mundo creado.
4. Recoñecer que o Deus que se manifesta na Escritura é un Deus Creador. Chamando ás cousas á existencia fai triunfar o amor. Coloca o amor na orixe mesma do ser..
5. Recoñecer e valorar a novidade que supón a forma de comunicación divina e a gratuidade da súa linguaxe baseada no amor que se expresa na persoa de Cristo na Biblia.
6. Valorar o amor de Deus que se manifesta en aceptar o risco de crear seres que o esquezan e o neguen; vencer o mal a forza do ben; seguir creando e recreando; asumir no seu propio Fillo o sufrimento.
7. Apreciar a acción salvadora de Xesucristo. Foi o que en verdade cambiou o rumbo da escravitude do mal e do pecado. El é o Salvador. Toda a historia da salvación, dirixida por Deus en favor dos homes, prepara o camiño para a súa vinda.
8. Descubrir en Xesucristo Salvador un modelo radicalmente novo de vida que leva consigo unha conversión persoal.
9. Valorar a fe, o amor e a esperanza da Virxe María. Ela é Nai de Deus porque dela naceu Xesucristo, que é verdadeiro Deus, nacido do Pai antes de todos os séculos e é verdadeiro home nacido de María, traballou coas súas mans de home, intelixencia e corazón tamén de home. Verdadeiro Deus e verdadeiro Home.
10. Comprender as condicións básicas para seguir a Xesús é responder á súa chamada, fiarse da súa Palabra, camiñar como El camiñou para poder recibir o Reino de Deus que nos trae.
11. Coñecer o contido dos sacramentos afondando neles como celebracións festivas e comunitarias da comunidade cristiá. Cristo actúa especialmente e perpetúa na Igrexa os seus actos salvadores. Na Confirmación dásenos o Espírito de Xesús para que sexamos as súas testemuñas. Coa Orde Sacerdotal conságranse novos sacerdotes para o servizo da Igrexa.
12. Coñecer o sentido que Cristo dá á autoridade da Igrexa, que se exerce como servizo. Para implantar o seu reino Cristo envía os seus apóstolos e os seus sucesores. Del reciben o poder de obrar no seu nome. O Señor fixo a Pedro fundamento visible da súa Igrexa.
13. Orientar o sentido último da vida como plenitude do encontro con Deus. O cristián espera a segunda vinda de Xesús, á fin dos tempos como Xuíz e Señor de todos os homes.

CRITERIOS MINIMOS

1. Recoñecer que o desexo de Deus está inscrito no corazón do home, porque o home foi creado por Deus e para Deus.
2. Recoñecer que o Deus que se manifesta na Escritura é un Deus Creador.
3. Valorar o amor de Deus que se manifesta en aceptar o risco de crear seres que o esquezan e o neguen; vencer o mal a forza do ben; seguir creando e recreando; asumir no seu propio Fillo o sufrimento.
4. . Apreciar a acción salvadora de Xesucristo. Foi o que en verdade cambiou o rumbo da escravitude do mal e do pecado.
5. Valorar a fe, o amor e a esperanza da Virxe María. Ela é Nai de Deus porque dela naceu Xesucristo, que é verdadeiro Deus, nacido do Pai antes de todos os séculos e é verdadeiro home nacido de María, traballou coas súas mans de home, intelixencia e corazón tamén de home. Verdadeiro Deus e verdadeiro Home.

6. . Coñecer o contido dos sacramentos afondando neles como celebracións festivas e comunitarias da comunidade cristiá. Cristo actúa

## 8 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada

A profesora utilizará os seguintes recursos como medidas de reforzo e de atención ao alumnado con necesidade de apoio educativo:

- Fichas de reforzo de cada unidade..
- Fichas de ampliación de cada unidade.

## 9 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxena aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unhaferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente narecollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse a recollida de evidencias oudeixar que o alumno seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades atopadas e os obxectivos de mellorapersoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

No anexo de avaliaciónpreséntase un posible guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recollerna área de Relixión Católica poden ser:

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos naunidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtosfinais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

**1º avaliación**

1. Valora algúns signos e símbolos representativos do fenómeno relixioso na Antigüidade.
2. Sabe que Deus é creador e faino por amor. (on-line)
3. Comprende as principais respostas ás preguntas sobre o mal, a dor e a morte, fundamentadas na acción Salvadora de Xesucristo. (on-line)
4. Sabe valorar as achegas no ser humano do feito de ser creado e amado por Deus como fillo.

2º avaliación

5. Sabe sintetizar os puntos esenciais sobre a salvación do home realizada por Xesucristo. (on-line)
6. Razoa como Deus se nos dá a través dos sacramentos.
7. Sabe situar en textos evanxélicos a orixe da Igrexa e a súa finalidade de salvación.

3º avaliación

8. Valora a misión dos membros da Igrexa, a súa fe e a súa entrega como continuidade da misión de Xesucristo. )on-line)

9. Comprende o servizo eclesial que os apóstolos e os seus sucesores prestan ao pobo de Deus.
10. Sitúa e valora a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Cristo, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.
11. Identifica e valora algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos demais.
12. Sabe que a Igrexa nos serve en camiñar cara ao ceo. (on-line)

## 10 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro do alumno.
- CD – Rom de recursos didácticos.
- Biblia en CD – Rom.
- Películas animadas do Antigo e Novo Testamento.
- Biblia infantil.
- Puzzles.
- Xogos de cartas (vida de Xesús).
- Parábolas en láminas de cores.
- Materias para manualidades: lapis, gomas de borrar, ceras, papel continuo, papel pinocho, charol, plastilina, tesoiras, etc.

## 11 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRACTICA DOCENTE

- Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

## 12 DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS

***Descrición do grupo despois da avaliación inicial***

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falanmoito, cambian con facilidade de actividade,…):

Que fortalezas identificas no grupo en canto aodesenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? *(Planificación de estratexiasmetodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas..)*

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

***Necesidades individuais***

Cales son os alumnos que necesitan un maiorseguimentoou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? *(Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, polasúa historia familiar...).*

Que medidas organizativas vas adoptar?*(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).*

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

## 13 CRITERIOS DE CUALIFICACIÒN E PROMOCIÓN

En cada avaliación;
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN;
Ferramentas de avaliación do traballo competencial
Probas de avaliación escrita
Evidencias dos  estándares de aprendizaxe
PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN;
Cualificación total

Ao final do curso;
Porcentaxe da nota final,;
1ª avaliacion,  2ª avalliación , 3ª avaliación( **Porcentaxe da nota final e cuallificación total)**

## 14 INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACION

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.
  - Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
  - Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
  - Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
  - Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

## 15 INFORMACIÓN AS FAMILIAS

A información as familias farase fundamentalmente a través do boletin de notas o final de cada avaliacion . Tamen a través de entrevistas individuais en titorias. E a traves do profesor titor.

## 16 EDUCACION EN VALORES

A area de RelixionCatolica é en si unha educación en valores. Nesta área se traballan o valores fundamentais como: amistade, amor, alegria, perdon, as familias, compartir....

## 17CONTRIBUCION O PLAN TIC E O PLAN DE CONVIVENCIA E LECTOR

A área de Relixión contribue as TIC mediante o traballo na aula de informatica dos nenos con xogos de distintos temas de relixion, pintar de forma interactiva distintos debuxos, cancions escoitadas polo ordenador, elaboracion de powerpoint....
Ao plan de convivencia: Resaltando os valores necesarios para a convivencia en grupo como saber compartir, respetar o traballo dos outros, gardar turno, traballos en grupo, resolucion de conflictos......
Ao plan lector coa lectura de libros de texto e lecturas da biblia.

PLAN DE RECUPERACIÓN

Retomaranse os temas que quedaron sen dar, no presente curso.

# PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA É TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

# *CURSO 2020-2021*

**DOLORES SAGRARIO GONZÁLEZ LÓPEZ**

INDICE

1. Temporalización da programación............................................................3
2. Introducción e contextualización...............................................................4
3. Obxectivos ..................................................................................................4
4. Competencias.............................................................................................5
5. Contidos.......................................................................................................7
6. Metodoloxía ................................................................................................7
7. Criterios de avaliación ...............................................................................8
8. Medidas de atención á diversidade.........................................................10
9. Procedementos e instrumenos de avaliación.........................................10
10. Estándares de aprendizaxe ...................................................................11
11. Materiais e recursos...................................................................................12
12. Avaliación proceso ensino aprendizaxe..................................................13
13. Avaliación inicial e medidas.....................................................................13
14. Criterios de cualificación e promoción....................................................14
15. Información ás familias............................................................................14
16. Educación en valores...............................................................................14
17. Contribución ó plan tic, convivencia e lector...........................................14

## 1TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN


CONSELLERIA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.I.P. A GANDARA NARON
COLMEOTE S/N
Teléfono/fax : 981386877
e-mail ceip.gandara@edu.xunta.es
web:http://centros.edu.xunta.es/ceipgandara /


TEMPORALIZACIÓN ANUAL DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE AULA

CURSO ACADÉMICO : 2020/2021

ÁREA : Relixión CURSO : 6º

PROFESORA: DOLORES SAGRARIO GONZÁLEZ LÓPEZ

| PRIMEIRO TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| UNIDADE | TEMAS | NUMERO DE SESIÓNS | TEMPO CONCRETO (DE:11/09–22/12) |
| | Recordar cousas do curso anterior | | 10/09 – 18/09 |
| 1 | Aprendo das relixións | 6 | 21/09 – 02/10 |
| 2 | Descubro a salvación con Xesús | 6 | 05/10 – 23/10 |
| 3 | Deus axúdame a respectar | 4 | 26/10 – 13/11 |
| 4 | Formo parte da Igrexa | 6 | 16/11 – 27/11 |
| | | 4 | 30/11 – 22/12 |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | | | |
| UNIDADE | TEMAS | NUMERO DE SESIÓNS | TEMPO CONCRETO (DE:11/01–26/03) |
| 5 | Grazas, Xesús, por liberarme | 4 | 08/01 – 22/01 |
| 6 | Xesús axúdame na enfermidade | 4 | 25/01 – 05/02 |
| 7 | Unha vida para sempre xunto a Deus | 6 | 08/02 – 26/02 |
| 8 | Deus quere o mellor para min | 4 | 01/03 – 12/03 |
| | Aprendo a portarme ben con Xesús | 4 | 15/03 – 26/03 |
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | | | |
| UNIDADE | TEMAS | NUMERO DE SESIÓNS | TEMPO CONCRETO (DE:06/04–22/06) |
| 9 | Deus quere que me comprometa | 6 | 06/04 – 23/04 |
| 10 | Practico a verdadeira liberdade | 6 | 26/04 – 14/05 |
| 11 | Valoro a democracia | 6 | 16/05 – 04/06 |
| 12 | Descubro a Deus na cultura | 4 | 07/06 – 22/06 |

## 2 INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A formación relixiosa e moral católica pretende contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe. A ensinanza relixiosa pretende contribuír así á calidade da educación que preconiza a lei vixente, coa proposta e desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o currículo da ensinanza relixiosa católica.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Está dotado de aula de informática, audiovisuais e biblioteca entre outros. A súa ubicación terase en conta á hora de buscar actividades onde os enunciados sexan familiares para que así presenten un maior interese e motivación.

CONTEXTUALIZACIÓN DO 6º CURSO

En 6º curso de educación primaria asiste á clase de relixión católica 18 alumnos no que tódolos nenos teñen un nivel de aprendizaxe normal.

**SEXTO CURSO**

## 3 OBXECTIVOS

- Investigar expresións básicas e xerais do feito relixioso na Antigüidade.
- Recoñecer os principais compoñentes que forman o feito da relixión en xeral.
- Comparar as principais semellanzas e diferenzas das grandes relixións actuais.
- Coñecer e valorar as respostas ás grandes respostas do ser humano que dan as relixións monoteístas.
- Coñecer e tomar conciencia da solidariedade da Igrexa católica e as relixións co mundo actual.
- Coñecer e aplicar as claves de interpretación católica da Biblia.
- Coñecer e comprender a providencia de Deus en relación coa fe cristiá e a vida diaria.
- Descubrir os principais medios e experiencias para encontrarse con Deus
- Investigar no Novo Testamento os principais relatos e testemuñas que manifestan a verdadeira humanidade e verdadeira divindade de Xesucristo
- Coñecer a presenza e a importancia da Virxe María no Novo Testamento e na Igrexa católica.
- Identificar as principais características e orixinalidade do Deus cristián.
- Coñecer e valorar o Espírito Santo en relación con Deus Pai e Deus Fillo, e como axuda para o desenvolvemento de valores cristiáns e sociais.
- Analizar a Igrexa católica en relación co mundo actual e as súas principais notas.
- Coñecer as principais características dos sacramentos da Orden e do Matrimonio.
- Analizar e comprender as principais características do sacramento da Unción de enfermos.

- Descubrir a orixinalidade das festas relixiosas en relación co ano litúrxico da Igrexa católica.
- Comprender e valorar a correcta relación que debe existir entre a Igrexa católica e a sociedade.
- Tomar conciencia da importancia de respectar as crenzas relixiosas para mellorar a convivencia entre persoas de diferentes culturas e relixións.
- Descubrir a orixinalidade e a contribución do compromiso social e cidadán dos cristiáns.
- Comprender y respetar las expresiones artísticas de las religiones.
- Recoñecer e interpretar correctamente as manifestacións da presenza de Deus na cultura xeral e cristiá.
- Coñecer e interpretar correctamente a fe da Igrexa sobre a vida eterna

## 4 COMPETENCIAS

### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.

### *Comunicación lingüística*

Os descritores que utilizaremos serán:

- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
- Comprender o sentido dos textos escritos.

### *Competencia dixital*

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

### *Conciencia e expresións culturais*

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

***Competencias sociais e cívicas***

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:

- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

. Neste caso, os descritores que cómpre adestrar serían:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

***Aprender a aprender***

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## 5 CONTIDOS

### SEXTO CURSO

- Mapa das grandes relixións no mundo de hoxe. Relación entre as grandes relixións vixentes, descubrindo as súas principais semellanzas e diferenzas.
- O ser humano, o sentido da súa vida e a súa salvación no hinduísmo e no budismo.
- Respecto ás conviccións relixiosas como condición mínima para a convivencia.
- A Igrexa, novo pobo de Deus. Manifestacións da estrutura xerárquica da Igrexa. O papa, os bispos, os sacerdotes, a vida consagrada.
  A Igrexa universal e a Igrexa diocesana.
- Xesús chama e envía os seus discípulos por todo o mundo para continuar a súa obra de salvación. A vida e a presenza do Espírito Santo. A expansión da Igrexa.
- Xesucristo, Salvador e Redentor do pecado e da morte.
- Xesucristo, plenitude do home.
- A presenza da Virxe María no Evanxeo e nos Feitos dos Apóstolos.
- A unción dos enfermos.
- Deus prepara unha terra nova onde habitará a xustiza. Os derradeiros momentos do ser humano.
- O home novo e a lei do espírito. O amor a Deus e o amor aos demais. O mandamento do amor ás situacións cotiás.

- O ser humano é responsable dos seus actos. O valor da conciencia, a verdade, a liberdade e a vontade. O valor da liberdade e a responsabilidade dos propios actos á luz do Evanxeo.
- Manifestacións da presenza de Deus na cultura cristiá.

## 6 METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Para alcanzar os obxectivos e a aprendizaxe do programa de contidos nesta área, é necesario optar por una metodoloxía que sirva de camiño para alcanzar tales metas.
Esta metodoloxía inclúe principios didácticos, actividades e recursos de ensinanza-aprendizaxe, e, para iso, basease nas orientacións didácticas do currículo de Relixión para a Educación Primaria e nas achegas específicas da pedagoxía e a didáctica relixiosas.

Especificamente, os principios didácticos deben facilitar:

a) A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.
b) A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
c) Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.
d) O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversabilidade do currículo.
e) A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.
f ) O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.
g) A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
h) A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.
i ) A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.
l ) A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.
m) O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.
n) A creatividade de alumnos e de alumnas e de docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.
ñ) O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto polas normas.
o) O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

## 7 CRITERIOS DE AVALIACÍON

Recollen o tipo e grao de aprendizaxe que se espera acadar. Describen tarefas nas que están presentes os saberes, os modos de facer e as actitudes que deben mostrar en relación aos contidos. Serán

o referente para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos.

- Indica algunhas claves que utiliza a Igrexa católica para a interpretación da Biblia.
- Expresa as principais características comúns do feito da relixión en xeral.
- Recoñece as principais características das relixións da Antigüidade de Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma.
- Expresa o principal sentido último que lle dan á vida as relixións monoteístas.
- Enumera os principais camiños persoais e cristiáns para encontrarse con Deus.
- Sintetiza as principais características e orixinalidade do Deus cristián.
- Indica as principais testemuñas do Novo Testamento que manifestan a verdadeira humanidade e a verdadeira divindade de Xesucristo.
- Resume a relación da Igrexa católica co mundo actual e a misión que debe cumprir.
- Expresa a orixinalidade das festas cristiás e católicas en relación co ciclo litúrxico da Igrexa católica.
- Define os sacramentos da Orde e do Matrimonio.
- Describe a solidariedade da Igrexa católica e as relixións co mundo actual.
- Sinala a correcta relación que debe existir entre a Igrexa católica e a sociedade actual.
- Proporciona datos sobre a achega da Igrexa Católica e o cristianismo no desenvolvemento e na práctica dos dereitos humanos no mundo.
- Indica a orixinalidade da paz para os cristiáns e os seus compromisos para desenvolvela nas persoas e nas sociedades.
- Resume as características da arte relixiosa e cristiá.
- Enumera as principais semellanzas e diferenzas das grandes relixións actuais.
- Expresa o sentido último que lle dan á vida o hinduísmo, o budismo e o cristianismo.
- Argumenta con datos a importancia de respectar as crenzas relixiosas para mellorar a convivencia.
- Describe a Igrexa como estrutura xerárquica e o novo pobo de Deus.
- Resume a misión da Igrexa en relación con Xesucristo e o Espírito Santo.
- Recoñece as principais verdades da fe cristiá sobre Xesucristo.
- Xustifica a importancia da Virxe María no Novo Testamento e na Igrexa católica.
- Define o sacramento da Unción de enfermos.
- Enumera as principais verdades de fe da Igrexa católica sobre a vida eterna.
- Explica a providencia de Deus en relación coa fe cristiá e a vida diaria.
- Compara as diferenzas e as semellanzas entre a moral cristiá e a moral civil.
- Sintetiza a orixinalidade e a achega do compromiso social e cidadán dos cristiáns.
- Expresa o compromiso dos cristiáns para o desenvolvemento da liberdade.
- Indica o compromiso e a contribución dos cristiáns para o desenvolvemento da verdadeira democracia.

CRITERIOS MÍNIMOS

1. - Enumera os principais camiños persoais e cristiáns para encontrarse con Deus.
2. Indica as principais testemuñas do Novo Testamento que manifestan a verdadeira humanidade e a verdadeira divindade de Xesucristo.

3. Resume a relación da Igrexa católica co mundo actual e a misión que debe cumprir.
4. Expresa a orixinalidade das festas cristiás e católicas en relación co ciclo litúrxico da Igrexa católica.
5. Indica a orixinalidade da paz para os cristiáns e os seus compromisos para desenvolvela nas persoas e nas sociedades.
6. Argumenta con datos a importancia de respectar as crenzas relixiosas para mellorar a convivencia.
7. Recoñece as principais verdades da fe cristiá sobre Xesucristo.

8. - Xustifica a importancia da Virxe María no Novo Testamento e na Igrexa católica.

## 8 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada

A profesora utilizará os seguintes recursos como medidas de reforzo e de atención ao alumnado con necesidade de apoio educativo:

- Fichas de reforzo de cada unidade..
- Fichas de ampliación de cada unidade.

## 9 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

**Instrumentos.**

- Observación sistemática das actitudes persoais do alumno/a, da súa forma de organizar o traballo, das estratexias que utiliza, de cómo resolve as dificultades que atopa,etc.
- Revisión e análise dos traballos dos alumnos/as: caderno de clase (orde, limpeza, claridade, expresión, realización de tarefas, corrección), traballos individuais ou en equipo, así como o seu traballo na aula de informática.

Unha vez utilizados os anteriores recursos e realizadas as actividades de reforzo e ampliación necesarias, pódese realizar unha proba obxectiva da unidade. É importante realizar ó remate da unidade unha reflexión sobre o aprendido e o ensinado, é dicir, un exercicio de autoavaliación e de coavaliación que axude a mellorar, por un lado, o proceso de aprendizaxe do alumno/a e do grupo - clase e, por outro, a práctica docente.

**Procedementos**.

Ao plantexar a avaliación non debemos esquecer:

- Obxectivos de etapa, de área, contidos, criterios de avaliación e grao de adquisición de competencias básicas.
- A necesidade da avaliación inicial para detectar o grao de desenrolo dos aspectos básicos da aprendizaxe e de dominio dos contidos.

Para isto valémonos de:

- Avaliación inicial ao principio de curso: para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a
- Recompilar información do alumnado a través dos profesores do curso anterior, recollerase no caderno do profesor e serve de referencia para comprender a actitude e rendemento do alumno/a.
- Proba inicial ao comezo de cada unidade onde se poñan de manifesto os coñecementos previos que posúen, mediante diálogo e a través de preguntas abertas.
- Avaliación formativa e continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos xa sinalados: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o

profesor/a saiba se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

a) **Traballo na clase:** Respecto aos compañeiros. Aproveita o tempo e se esforza. Atende e participa nas explicacións. Competencia en comunicación lingüística.
b) **Traballo no caderno:** Está completo e corrixido. Presentación adecuada.
c) **Traballona aula de informática:** Traballo, esforzo, interese. Competencia básica dixital.

## 10 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxena aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unhaferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente narecollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse a recollida de evidencias oudeixar que o alumno seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades atopadas e os obxectivos de mellorapersoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

No anexo de avaliaciónpreséntase un posible guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recollerna área de Relixión Católica poden ser:

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos naunidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtosfinais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

**1º avaliación**

1. Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.
2. Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais.
3 Descobre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade.
4. Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.(on-line)

2º avaliacion

5. Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran a persoa.(on-line)
6. Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal.(on-line)
7. Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais.

8. Busca nos discursos do evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado.

3º avaliación

9. Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.
10. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.(on-line)

11. Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.
12. Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio.(on-line)

## 11**MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Libro do alumno.
- CD – Rom de recursos didácticos.
- Biblia en CD – Rom.
- Películas animadas do Antigo e Novo Testamento.
- Biblia infantil.
- Puzzles.
- Xogos de cartas (vida de Xesús).
- Parábolas en láminas de cores.
- Materias para manualidades: lapis, gomas de borrar, ceras, papel continuo, papel pinocho, charol, plastilina, tesoiras, etc.

## 12 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRACTICA DOCENTE

- Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

## 13 DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS

***Descrición do grupo despois da avaliación inicial***

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falanmoito, cambian con facilidade de actividade,…):

Que fortalezas identificas no grupo en canto aodesenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? *(Planificación de estratexiasmetodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas..)*

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

***Necesidades individuais***

Cales son os alumnos que necesitan un maiorseguimentoou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? *(Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, polasúa historia familiar...).*

Que medidas organizativas vas adoptar?*(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).*

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

## 14 CRITERIOS DE CUALIFICACIÒN E PROMOCIÓN

En cada avaliación;
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN;
Ferramentas de avaliación do traballo competencial
Probas de avaliación escrita
Evidencias dos  estándares de aprendizaxe
PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN;
Cualificación total

Ao final do curso;
Porcentaxe da nota final,;
1ª avaliacion,  2ª avalliación , 3ª avaliación( **Porcentaxe da nota final e cuallificación total)**

## 15 INFORMACIÓN AS FAMILIAS

A información as familias farase fundamentalmente a través do boletin de notas o final de cada avaliacion . Tamen a través de entrevistas individuais en titorias. E a traves do profesor titor.

## 16 EDUCACION EN VALORES

A area de RelixionCatolica é en si unha educación en valores. Nesta área se traballan o valores fundamentais como: amistade, amor, alegria, perdon, as familias, compartir....

## 17 CONTRIBUCION O PLAN TIC E O PLAN DE CONVIVENCIA E LECTOR

A área de Relixión contribue as TIC mediante o traballo na aula de informatica dos nenos con xogos de distintos  temas de relixion, pintar de forma interactiva distintos debuxos, cancions escoitadas polo ordenador, elaboracion de powerpoint....

Ao plan de convivencia:  Resaltando os valores necesarios para a convivencia en grupo como saber compartir, respetar o traballo dos outros, gardar turno, traballos en grupo, resolucion de conflictos......
Ao  plan lector coa lectura de libros de texto e lecturas da biblia.

PLAN DE RECUPERACIÓN
Retomaranse os temas que non se deron, no presente curso